

Epopea de ar clásico

Xuvenil Recomendábel exemplo de literatura épica con Tolkien de fondo

“**C**anta, oh deusa, a cólera do Pelida Aquiles, cólera funesta que causou infinitos males aos aqueos...”. Con estas palabras dá comezo a épica narrativa, polo menos aquela que chegou a nós, e con ela a realización do desexo do ser humano de facer do relato instrumento de consolidación da memoria do seu paso polo mundo. Así, cando os sonhos se fan realidade e as lembranzas son pegadas que os pobos deixan, na literatura os destinos dos pobos tórnanse historia.

A Xesús Manuel Marcos, o escritor courelán afincado alimentariamente en Madrid, tíralle de xeito irremediábel a literatura épica (a compoñente fantástica non é máis ca un elemento colaborador –por máis que necesario– na elaboración do prato literario). Toda literatura nacional precisa do xénero épico, que é o que lle ha dar o imprescindíbel nivel histórico de nación. Na galega tamén podemos encontrar verdadeiras xoias, con frecuencia nadas ao abeiro da materia de Bretaña, que andan por Ferrín ou Darío X. Cabana, sempre acompañadas e, tantas veces guiadas, pola mestría indiscutíbel de Cunheiro.

Moita da literatura épica galega (e non galega) atopará acomodo feliz na lectura dos mozos novos. A este respecto habería que lembrar o caso, cuxo rastro está tan presen-

**O Brindo de ouro
II. A Táboa da
Hospitalidade**

Xesús M. Lorenzo ·

Xerais, 2009 ·

416 páx · 12,45 euros



te nesta obra da que estamos a facer recensión, de J. R. R. Tolkien, a quen descobre a xuventude lectora dos anos sesenta, nomeadamente aquela que se relacionaba co movemento hippy, e que deu con *O señor dos aneis*, nun caso paradigmático de conversión en obra do corpus da LIX pola vía da apropiación que dela fan os mozos, como fixeran moitos anos antes con *Gulliver* de Swift.

A obra de X. M. Marcos é un moi recomendábel exemplo deste tipo de literatura. Presentada como a epopea dun pobo, os arxinas, xa desde o primeiro volume do que se anuncia como unha triloxía, que haberán de se nos presentar en convivencia ou adversidade con outros pobos (alobris, mougas...) ou sociedades de individuos de toda caste, porque tamén habemos dar con seres zoo-antropomorfos (p. ex. os xarxas) que contribuirán á creación de situacións que os heroes haberán de superar. Porque no libro aparecerán todos os ingredientes necesarios para a construción da epopea: heroes, raíñas valentes



Paisaxe nevada // Arquivo

e fermosas, traidores, divindades, obxectos máxicos cobizados e perseguidos... Nada falta, os combates e loitas tampouco, que emparente esta obra coas estruturas clásicas do xénero. Por iso encontraremos tamén o elemento esencial para o carácter literario da obra, a incardinación nunha realidade próxima, na realidade dun pobo recoñecíbel e cheo de sentido épico da historia. No medio dos elementos fantásti-

cos e dos tempos ignotos, brillan aqueles reais e históricos que nos falan aos lectores de nós mesmos. E iso é o que lle hai que pedir a calquera libro para que se converta en obra literaria: que o lector ou lectora se recoñezan nel e nel encontren elementos intelectuais para a reflexión sobre o mundo e o tempo presentes, algo que vai máis aló da identificación como xogo de referentes feitos a modo de ilusión.

Así a lectura farase camiño de experiencia, é dicir de vida.

Todo nesta obra é camiño de aprendizaxe, desde o rico e atinado léxico ate os xogos, combinacións e mesturas da toponimia, a antroponimia, os xentilicios, os nomes das cousas máxicas... Todo contribúe ao atinado equilibrio narrativo que consegue X. M. Marcos e que eu lin con verdadeiro pracer e aproveitamento.

// **Xavier P. DoCampo**